

## **MANIFESTO POLOS REFUXIADOS**

O día 20 de xuño é o día internacional designado pola ONU para honrar as persoas que son obrigadas a deixar os seus fogares para escapar de conflitos militares ou persecucións políticas, relixiosas e sociais. Trátase de persoas refuxiadas que teñen que instalarse noutro país e de persoas desprazadas dentro do seu propio territorio. É unha ocasión única de fomentar a empatía e a nosa solidariedade cara a un colectivo que se ve forzado a vivir en condicións difíciles e de grande incerteza, mentres tratan de reconstruír as súas vidas. O drama destas persoas é tan inimaxinable como o feito de que a estancia media dun refuxiado nun campamento de acollida supera os 17 anos.

Segundo o informe de 2022 do Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), actualmente hai máis de 100 millóns de persoas no mundo que tiveron que escapar dos seus fogares, tendo un terzo deles a condición de refuxiados. Siria, Venezuela e Ucraína encabezan a lista de países que máis desprazados xeran, mentres que Turquía, Colombia e Alemaña lideran a lista dos países de acollida. En todo caso, son os continentes africano e asiático os que presentan máis conflitos xeradores de persoas desprazadas.

Neste contexto, un dos grupos de idade máis afectado por esta situación é o de menores de 15 anos.

ACNUR traballa sobre o terreo con máis do 90% do seu persoal para xestionar a vida e o día a día de estas persoas. Comezou o seu labor en 1950 de forma provisional, pero a proliferación de conflitos internos e de guerras fixo aumentar os seus integrantes, ata sumar hoxe en día máis de 18.000 colaboradores. A súa presenza en máis de 140 estados e a súa incesante procura do benestar dos refuxiados foi recoñecida internacionalmente con dous premios Nobel da Paz.

Dende 2004, o Comité español de ACNUR impulsa o “Loco Festival”, un proxecto aberto a toda a comunidade educativa para concienciar o alumnado sobre a situación das persoas refuxiadas e sobre a importancia de implicarse activamente na defensa dos Dereitos Humanos.

O IES Pedra da Aguiá recolleu a remuda desta iniciativa, aproveitando a presenza no noso municipio de familias ucraínas golpeadas pola invasión rusa do seu territorio. Tras a primeira fase de sensibilización do alumnado, decidimos organizar un acto reivindicativo e solidario

para chamar a atención de toda a comunidade local da necesidade de implicarse na protección dos dereitos humanos.

O **presente manifesto** e as actividades que faremos a continuación, na que se inclúe ao final unha marcha solidaria polo paseo marítimo da vila, non ten un fin simplemente recadatorio. Por suposto que todas as doazóns e toda colaboración monetaria é benvinda, pero a finalidade principal do evento de hoxe é facernos reflexionar sobre como podemos ser útiles á causa dos refuxiados. Hai que pensar que mentres centos de pobos en España esmorecen por falla de poboación, miles de refuxiados amoréanse nas fronteiras dos seus estados vivindo da caridade dos países de acollida e de organizacións como ACNUR, e que tan só uns poucos teñen a sorte de ser resituados cada ano en países desenvolvidos. Cómpre tomarmos consciencia de que se seguen sucedendo episodios tráxicos de afogamentos no mar, mentres que os estados europeos tratan de blindar as súas fronteiras e mirar cara a outro lado, salvo cando estas situacións afectan os seus intereses económicos.

Por iso neste manifesto **solicitamos**:

- Actuacións máis rápidas e contundentes por parte das autoridades competentes para evitar que miles de persoas teñan que fuxir dos seus Estados por terra ou por mar, sometidas ás mafias que trafican sen piedade con elas
- Protección para as persoas máis vulnerables, como mulleres e nenas máis expostas a situacións de explotación e violencia sexual.
- Políticas de reasentamento efectivas que permitan axilizar os trámites para garantir unha acollida digna aos refuxiados e acurtar os tempos de espera nos campamentos.
- Máis apoio aos concellos pequenos para permitir integrar con máis facilidade os refuxiados e conseguir nun prazo razoable o reagrupamento familiar.
- Medidas disuasorias que impidan a proliferación de actitudes xenófobas ou de criminalización cara a estes colectivos.

- Obradoiros educativos que non se limiten ao ámbito estritamente escolar, para concienciar a toda a poboación da necesidade de empatizar coa traxedia que viven os refuxiados.
- Máis publicidade nos medios audiovisuais, para que actos como o de hoxe non se esquezan nada máis rematar a súa celebración.
- Máis respecto ás normas universais consensuadas por todos os Estados que propugnan paz, dignidade e seguridade.
- Por último, máis coordinación e máis compromiso entre os que teñen o poder de decisión, para que deixe de medrar o número de persoas refuxiadas e desprazadas.

Somos conscientes de que moitas destas peticións poden soar utópicas, irrealizables ou mesmo inalcanzables. Por iso, temos que empezar dende abaixo a sumar “locos” á causa dos refuxiados para reverter a situación.